



M^a Teresa García Guillán, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello da Pobra do Caramiñal, o abeiro do disposto no art. 97/3 do R.O.F., para o seu debate na vindeira sesión plenaria, presenta ó Pleno unha moción relativa a mellorar as deficiencias do centro de saúde.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde ven traendo polémica en case todos os Plenos, e na prensa; séguense prestando os servizos sanitarios nun centro calamitoso obviando que neste inmoble non se traballa con obxectos nin con mercadorías, trátase con persoas e vidas humanas e que os graves defectos poden ocasionar incluso prexuizos na saúde dos traballadores, e un malestar crecente nos mesmos, podendo interferir na adecuada prestación dos servizos aos usuarios.

Estase arranxando a cuberta do centro ca financiación do Plan de Acción Social do ano 2015, da Deputación da Coruña, unha subvención por un valor de 73.016,07 euros.

Na voz de Galicia do 23/03/2018 léíase que a xerente da área sanitaria de Santiago visitou o centro e que vai a resolver as deficiencias do mesmo e que as necesidades que corruxirán serán o pintado das zonas deterioradas polas humidades e a eliminación das repisas que existen en distintas consultas que dificultan a apertura das fiestras e reducen o espazo.

Parece que non veu a dobre fiestra de aluminio sen rotura de ponte térmico que fai que no inverno filtre o frío e no verán acumule o calor. De feito nalgúns despachos o propio persoal sanitario merca do seu peto o ventilador para ofrecer aos pacientes unha consulta moito máis agradable.

Tampouco, na planta superior, chega a auga quente ou despois de gastar inxente cantidade de auga chega en cantidade deficiente para

facen cousas tan simples como unha limpeza de oídos. É frecuente ver ao persoal con recipientes para recoller a auga quente na planta de abaixo. Isto non é estado do benestar.

A caldeira é anticuada e ten un consumo excesivo, carecendo de indicador para saber cando se acaba o gasóleo e si queda sen combustible normalmente hai que esperar dous días para que veña o fontaneiro a poñela en marcha; dous días de inverno sen calefacción nun centro de saúde, con persoas enfermas é inadmisibile.

O mobiliario do centro tamén é necesario repoñelo.


Por todo iso, este grupo que represento solicita a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1º.- Instar ao Servicio Galego de Saúde para que ademais da eliminación das repisas das consultas pinte o centro, se repoña o mobiliario, se cambien as fiestras actuais por outras con aislante térmico e acústico, se cambie a caldeira, e de unha vez por todas, que a auga quente chegue a planta superior.

2º.- Dar traslado URXENTE da Moción e a súa aprobación ao SERGAS incluíndo de maneira expresa a xerente da área sanitaria.

A Pobra do Caramiñal, 13 de abril de 2018.



Mª Teresa García Guillán

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL